

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xaneiro de 2025**

Ás 17.00 horas do día 21 de xaneiro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourenseana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don José María Lago Cabo, que é substituído por don Rosendo Luís Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á

ordinaria do día 12 de decembro de 2024.

Non se producen intervencións e, por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 12 de decembro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PROXECTO DE RESTAURACIÓN DE BAÑO SOBRE O RÍO EDO NA ÁREA “PONTE DAS TÁBOAS”, TERMO MUNICIPAL DE CASTRO CALDELAS

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e do BNG (2), e a abstención de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1.- Responder ás alegacións formuladas polos propietarios dos terreos afectados, con base no informe emitido polo xefe do Negociado de Expropiacións da Deputación de Ourense, cuxo teor literal é o seguinte:

“Jaime Antonio Pintos Pérez, xefe do Negociado de Expropiacións da Deputación de Ourense, expón:

Que logo de que se sometese a información pública, nos termos previstos no artigo 18 da Lei de expropiación forzosa, a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa para a execución da obra “PROYECTO DE RESTAURACIÓN MEDIOAMBIENTAL DE LA ZONA DE BAÑO SOBRE EL RÍO EDO EN EL ÁREA “PONTE DAS TÁBOAS” T.M. DE CASTRO CALDELAS (OURENSE)”, formuláronse alegacións por parte da herdeira de D. Manuel Rodríguez Arias (dona Milagros Rodríguez Rodríguez), as cales dan lugar a emisión do presente

INFORME

Solicitan:

I.- A modificación da titularidade do ben afectado, posto que no catastro o titular é MANUEL RODRÍGUE Z ARIAS (HEREDEROS DE), sen embargo os titulares reais en réxime de proindiviso, en calidade de herdeiros, os que se relacionan de seguido coas porcentaxes de participación correspondentes:

- *MARIA DEL PILAR RODRÍGUE Z RODRÍGUEZ, con NIF 70714954H 25 %*
- *MANUEL RODRÍGUE Z RODRÍGUE Z, con NIF 70710330T — 25 %*
- *MILAGROS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con NIF 76710335E25 %*

- CARLOS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, con NIF 76723176Y — 25 %

Ostentando o usufruto do parcela a esposa do finado dona PILAR RODRÍGUEZ ARIAS, con NIF 34538374X.

Establecendo como domicilio a efectos de notificacións o consignado na devandita solicitude.

Esta alegación deberá ser estimada, cambiando o titular da expropiación os referidos propietarios.

II.- Esta alegación deberá ser desestimada, por non conter ningunha petición.

III.- Manifesta a parte expropiada que no escrito remitido só se fai mención a superficie afectada pola expropiación sen que nel figuren elementos susceptibles de valoración como é o arborado presente na parcela, así como os valados perimetrais e outros de similar índole. Examinados os bens presentes no predio, obsérvase que efectivamente existe masa arbórea, estimándose unha proporción de 0,009 pes por metro cadrado de carballo de 30 anos, e de 0,017 pes por metro cadrado de carballos de 17 anos.

Esta alegación deberá ser estimada, establecendo as proporcións de masa arbórea consonte o reflectido. (0,009 pes por metro cadrado de carballo de 30 anos, e de 0,017 pes por metro cadrado de carballos de 17 anos).

IV. – Esta alegación ten que ser desestimada, posto que nesta fase do procedemento non procede entrar na valoración dos bens, xa que a devandita expropiación forzosa segue o procedemento de urxencia previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, no que a determinación de prezo xusto constitúe unha fase posterior. Nesta fase soamente se establecen as titularidades, bens e dereitos a expropiar.

Esta alegación deberá ser desestimada, por non ser o momento procedimental oportuno.

V.- Esta alegación ven a solicitar a expropiación total do predio posto que a expropiada considera que a expropiación parcial supón un prexuízo excesivo para a viabilidade da explotación da parcela. En vista de que a ocupación definitiva reflectida no proxecto supón máis do 50% da mesma, procede a expropiación completa dos 2.114 metros cadrados.

Esta alegación deberá ser estimada, procedéndose a expropiación total do predio.

É canto cabe informar, sen prexuízo doutros criterios mellor fundados en Dereito”.

2.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de “proxecto de restauración medioambiental da zona de baño sobre o río Edo, na área “Ponte das Táboas”, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante o Pleno do Concello en sesión

extraordinaria e urxente realizada o día sete de novembro de dous mil vinte e catro, o atoparse incluídas, no Plan provincial de COOPEROU do ano 2024 (BOP nº 59, de 22 de marzo de 2024)

3.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras “proxecto de restauración medioambiental da zona de baño sobre o río Edo, na área “Ponte das Táboas”, termo municipal de Castro Caldelas (Ourense)”, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:

Nº. Expte.	Políg.	Parc.	Referencia Catastral	Propietarios	Afección (m2)
1	24	5	32024A02400005000	María del Pilar Rodríguez Rodríguez Manuel Rodríguez Rodríguez Carlos Rodríguez Rodríguez	2.114 m2

4.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

* Información: Negociado de Expropiacións: rúa do Progreso nº 32, Ourense 32003, (tfno:988317535,expropiaciones@depourense.gal).

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A GARANTIR A MOBILIDADE DE TODA A VECIÑANZA, RETIRANDO A PROPOSTA DO MAPA DE CONCESIÓN ESTATAIS DE LIÑAS DE AUTOBÚS QUE SUPRIME PARADAS EN 6 CONCELLOS DA NOSA PROVINCIA

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

“As liñas regulares de transporte de viaxeiros por autobús son claves para garantir e favorecer a mobilidade dos cidadáns, en especial daqueles que viven en zonas rurais e con menor densidade de poboación, e tamén para comunicar e vertebrar a nosa provincia e conectala co resto de España. O transporte interurbano de viaxeiros por estrada é un servizo de carácter público de competencia estatal prestado mediante un contrato de concesión. Polo tanto, corresponde ao Goberno de España e, en particular, ao Ministerio de

Transportes e Mobilidade Sostible, deseñar a rede estatal. No ano 2022 tivo lugar un primeiro intento de impoñer un novo mapa de rutas do autobús estatal, que provocou gran alarma e alegacións tanto entre os gobernos autonómicos como entre a cidadanía, pola supresión de paradas e rutas. A pesar de que no seu momento se retirou esta proposta, ante o rexeitamento que provocou, lonxe de rectificar o Goberno central volveu propoñer un novo mapa que retomou de novo a tentativa de suprimir paradas e rutas en termos semellantes aos do ano 2022. A nova proposta faise desde a imposición, sen contar coas outras administracións (autonómica, provincial e local), nin atender ás alegacións presentadas nin as peticións da veciñanza afectada. Desde o Partido Popular xa solicitamos que se tiveran en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa provincia e prestárase especial atención ás conexións no rural, básicas cara a loita contra a despoboación e o envellecemento. No último medio século, Ourense é unha das provincias que máis poboación perdeu: Ao redor de 136.000 habitantes menos entre 1971 e 2021. Ademais, tamén é unha das provincias españolas nas que se produce un maior envellecemento e desequilibrio entre o número de nacementos e de mortes, dando lugar á súa vez a graves problemas patrimoniais, económicos ou de calidade de vida, aos que ten que facer fronte o medio rural. As decisións do Goberno central van na dirección contraria de reverter esta situación, xa que, co novo mapa, 6 concellos ourensáns máis quedarían illados das rutas estatais. Todas as forzas políticas galegas están en contra de esta medida, agás o PSOE. O BNG pediu o pasado mes de outubro rectificar e non suprimir paradas galegas na proposta do Plan Estatal de Transporte, rexistrando iniciativas para esixir ao Goberno de España que rectifique e non elimine as paradas en concellos galegos no mapa estatal de transporte colectivo. Así, coa reestruturación do Ministerio de Transportes elimínase 90 tráficos dentro de Galicia. Un recorte que deixaría sen parada aos concellos de Trasmiras, A Mezquita, Ribadavia, Riós, A Rúa e Allariz na Provincia de Ourense e Arzúa, Melide, Chantada, O Corgo, Guitiriz, Baralla, Meira, Monterroso, As Nogais, Palas de Rei, Quiroga, A Pontenova, Forcarei, Lalín, Tui, Silleda e O Porriño, no resto de Galicia. Con este modo de entender o servizo público, os responsables políticos da administración central poñen por riba do equilibrio territorial criterios económicos que só levan ao deterioro do transporte público e que van en contra das necesidades das comunidades, como a galega, de garantir os dereitos dos concellos do rural e a igualdade de oportunidades da veciñanza como única opción para acadar o asentamento poboacional. Estamos a ver como se desmantelan pouco a pouco todos os servizos estatais, especialmente os máis básicos, como son Correos, a seguridade cidadá (merecendo estes un capítulo aparte), o ferrocarril e

o transporte público por estrada, facendo menos atractivo o noso territorio para atraer poboación e que a cidadanía ourensá sufra as consecuencias, chegando incluso a ter que deixar o seu fogar de toda a vida. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes **ACORDOS**: 1. Instar ao Goberno de España a garantir a mobilidade da veciñanza nos concellos afectados, retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús, garantindo o mantemento das paradas que se pretenden suprimir e recuperando as xa suprimidas. 2. Instar ao Goberno de España a que calquera proposta que pretenda establecerse incorpore as demandas trasladadas desde todas as administracións en relación con este servizo de mobilidade, en particular, que se teñan en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa provincia e se preste especial atención ás conexións do e no rural”.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que estamos diante dun problema bastante complexo como é o da mobilidade no noso país, e que da igual que no goberno central governe o PSOE ou o PP porque as medidas adoptadas nunca teñen en conta os nosos intereses. Como exemplo sinala que unha das liñas que se ía suprimir en Allariz, que finalmente parece que non o vai ser, ten unha media de 3.133 viaxeiros/ano mentres que outra na Mezquita unha media de 23 usuarios /ano. Vista a situación parece difícil manter algunhas paradas, pero o que se debería facer era garantir que esas persoas que vexan suprimidas as súas paradas teñan transporte directo ás paradas de referencia.

D. Emilio Luis Díaz Vidal, do Grupo Socialista, apunta que recentemente o Estado ven de transferir a Galicia 40 millóns de euros para o transporte interno, e que debe ser a Administración autonómica a que solucione internamente o transporte cara ás paradas de referencia, todo isto para conseguir unha xestión eficaz e eficiente do transporte colectivo.

Non se producen máis intervención e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a garantir a mobilidade da veciñanza nos concellos afectados, retirando a proposta do mapa de concesións estatais de liñas de autobús, garantindo o mantemento das paradas que se pretenden suprimir e recuperando as xa suprimidas.
2. Instar ao Goberno de España a que calquera proposta que pretenda establecerse incorpore as demandas trasladadas desde todas as administracións en relación con este

servizo de mobilidade, en particular, que se teñan en conta as peculiaridades xeográficas e de poboación da nosa provincia e se preste especial atención ás conexións do e no rural.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA. - Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS. - Non se producen.

E, ás 17.12 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.